

NAI

Mikio Naruse, 1952

1438

ESTREA EN NUMAX: 01.01.2024 | V.O.S.E. | 99 min

Ryosuke traballa día e noite para reconstruír o seu negocio de tinturaría, destruído nun bombardeo. O seu marido Masako e as súas dúas fillas, Toshiko, namorada dun panadeiro de ideas progresistas, e Hishako, fan todo o que poden para axudala, sacrificándose constantemente polo ben da familia.

«O cinema de Naruse é como un río
de superficie calma e turbulenta
corrente subterránea»

Akira Kurosawa



Mikio Naruse, a gran xoia oculta do cinema xaponés

Por Javier Yuste

Nestes tempos nos que parecería que todo o cinema está espallado entre as moitas plataformas de streaming que existen, aínda hai películas escondidas, inaccesibles ou esquecidas que poden supoñer unha revelación para calquera cinéfilo. Entre eses tesouros ocultos atópase a obra do director xaponés Mikio Naruse (1905-1969), opacada pola fama dos seus contemporáneos Ozu, Kurosawa ou Mizoguchi, pero cunha xenialidade que, coas súas propias características, raiaba á mesma altura que a destes directores. Por iso é todo un referente para directores contemporáneos como Naomi Kawase ou Wong Kar-wai.

Un dos maiores entusiastas da obra de Naruse no noso país é o crítico de cinema Miguel Marías, que tras paladear varias das súas películas nun ciclo de Filmoteca Española a principios dos 80 fixo en non poucas ocasións proselitismo do director. Como nun artigo publicado en 1993 na revista *Nosferatu*, titulado "Mikio Naruse, ou a cara oculta", no que aseguraba que o cineasta foi para el "unha desas revelacións asombrosas e inesquecibles que só se producen moi de cando en vez" e que desde entón o consideraba "entre os 25 ou 20 máis importantes da historia do cinema".

Nacido en Tokio en 1905, Naruse comezou a traballar con 15 anos nos estudos Shochiku e aos 25 xa dirixía as súas curtas. Pasou de realizar comedias con influencias do *slapstick* de Chaplin ou Keaton a elaborar melodramas cunha gran inventiva visual que lle serviron para facerse un nome na industria, aínda que lamentablemente case todo o seu traballo desta primeira época está perdida. En 1934 fichou pola produtora Toho, onde traballaron tamén Mizoguchi ou Ozu. Magnífico director de actores, gran narrador cun sentido privilexiado para a composición e o encadre, realista e accesible, de feitura clásicas, Naruse tivo predilección polos relatos protagonizados por heroínas urbanas ou rurais enfrontadas a limitacións culturais e éticas que condicionan a súa liberdade e, por tanto, as súas posibilidades de acadar a felicidade nun mundo dominado por homes que, a miúdo non saben apreciar as súas habilidades nin a súa capacidade de amar. Moitas delas estaban protagonizadas por Hideko Takamine, considerada a súa icona, e en ocasións partían da obra literaria doutra muller, a novelista Fumiko Hayashi.

Entre as súas obras máis celebradas atopamos *Nai* (1952), un retrato realista da nai xaponesa media e a súa loita cotiá durante a posguerra; *A voz da montaña* (1954), na que Setsuko Hara dá vida a unha muller sempre á espera do seu próspero marido, que a miúdo queda na capital divertíndose coa súa amante ou *Nubes flotantes* (1955), outro dos seus grandes clásicos, de novo partindo dun relato de Fumiko Hayashi e coa súa musa Hideko Takamine como protagonista. Este filme considerado decote a súa obra mestra, narra a procura dunha muller entre as ruínas de Tokio do que fora o seu amante durante a guerra. *Á deriva* (1956) reúne as grandes actrices do *star system* xaponés dos anos cincuenta para facer un retrato dunha casa de geishas.

Xa dos 60 é *Cando unha muller sobe a escaleira* (1960), outra grande obra mestra, con Hideko Takamine encarnando a unha muller que tenta defender a súa independencia nunha sociedade dominada por homes. Tamén son destacables *Tormento* (1964), que mostra a vida dunha viúva de guerra que dirixe un negocio familiar que cada vez perde máis clientes por culpa das grandes superficies, e *Nubes dispersas* (1967), a historia dunha muller embarazada, que perde ao seu marido nun accidente e comeza unha relación platónica co causante, na que atopamos unha das formulacións esenciais do seu cinema, o das barreiras insalvables coas que se atopa a parella de amantes.